

As posibilidades do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) como elemento de dinamización económica en zonas rurais

The possibilities of Intangible Cultural Heritage as an element of economic development in rural areas

Andrés García Belmonte

Universidade de Santiago de Compostela

Fátima Braña

Área de Antropoloxía social. Universidad de Vigo

andres.g.belmonte@gmail.com

Recibido el 28 de octubre de 2013

Aprobado el 28 de octubre de 2013

Resumo: Xa dende fai varios anos, as institucións europeas están a promover programas de desenvolvemento do medio rural que eviten a desertización do campo en favor dos grandes núcleos urbanos e activen a economía mediante o fomento de redes de cooperación tecidas de abaixo arriba, dende o ámbito local ó rexional, establecendo un engranaxe no cal cada comunidade sexa quen de estimular economicamente os seus recursos propios. O obxectivo, como dicimos, é o desenrolo dun agro europeo cada vez máis deprimido e a súa adhesión ós procesos macroeconómicos globais. Trataremos neste traballo de avaliar brevemente as características destes programas, de achegarnos ó concepto patrimonial inmaterial e de establecer cál é o papel que o PCI xoga, ou pode xogar, dentro das políticas de reactivación rural deseñadas polas administracións supranacionais europeas.

Palabras clave: patrimonio, patrimonio cultural inmaterial, PCI, xestión patrimonial, LEADER, desenrolo local, Universidade de Santiago de Compostela, USC, Universidade de Vigo.

Abstract: Since several years ago, the European Institutions are promoting programmes for the development of rural areas to stop the exodus from villages to the big urban centres. They are looking for an economic activation through the establishment of bottom-up networks, from local to regional, establishing a gear in which each community is able to stimulate economically its own resources. In this study, we will try to establish the characteristics of these programs, to define the concept of intangible heritage and to establish what role the intangible cultural heritage

plays, or can play, in the field of rural recovery actions developed by supranational European institutions.

Key words: heritage, intangible cultural heritage, PCI, heritage management, LEADER, local development, University of Santiago de Compostela, USC, University of Vigo.

Calquera que sexa a forma que adopta a cultura, esta constitúe o mellor e máis eficaz dos vectores do desenvolvemento, xa que contribúe á valorización do potencial colectivo e favorece o crecemento da personalidade dos individuos¹.

I ntroducción

Xa dende fai varios anos, as institucións europeas están a promover programas de desenvolvemento do medio rural que eviten a desertización do campo en favor dos grandes núcleos urbanos e activen a economía mediante o fomento de redes de cooperación tecidas de abaixo arriba, dende o ámbito local ó rexional, establecendo un engranaxe no cal cada comunidade sexa quen de estimular economicamente os seus recursos propios². O obxectivo, como dicimos, é o desenrolo dun agro europeo cada vez máis deprimido e a súa adhesión ós procesos macroeconómicos globais.

¹ KAYSER B. “La cultura, un incentivo para el desarrollo local”, en *Leader Magazine* 8, Comisión Europea, 1994: 3-10.

² LEADER (*Liaisons Entre Activites de Devolpment de L'Economie Rural*) é o programa máis representativo entre as iniciativas comunitarias de desenrolo rural da Unión Europea. Arranca en 1991 e, aínda que sofre unha serie de modificacións vinculadas ós diferentes períodos programáticos da UE (LEADER, LEADER II, LEADER +), as súas principais características son:

- Estratexias de desenvolvemento local por zonas, deseñadas para territorios locais subrexionais claramente delimitados.
- Partenariados locais entre os sectores público e privado. (Grupos de Acción Local).
- Un enfoque ascendente que outorgue ós grupos de acción local un poder decisorio sobre a elaboración dunha estratexia de desenrolo local.
- Concepción e aplicación multisectorial da estratexia baseada na interacción entre os axentes e proxectos dos diferentes sectores da economía local.
- Aplicación de enfoques innovadores.
- Execución de proxectos de cooperación.
- Creación de redes de partenariados locais.

Neste senso, unha parte importante das opcións do mundo rural están baseadas na explotación directa dos seus recursos naturais: agricultura, gandería, minería ou pesca, e na súa capacidade de establecer sistemas de cooperación capaces de entrar a competir de modo efectivo nas estruturas de mercado actuais. Por outra banda, que expoñeremos a continuación, o recurso patrimonial, en moitas ocasións directamente vinculado ó sector turístico ou de ocio e esparexemento³, actúa, ademais de coma un respaldo para a identidade das sociedades, como un dos mecanismos máis válidos para posta en valor das posibilidades de desenvolvemento dos núcleos rurais e, por ende, dos países ou estamentos supranacionais que apoian e promoven a súa activación.

Deste xeito temos ante nós unha ferramenta con dúas aptitudes complementarias dado que o éxito da integración do patrimonio ós procesos mercantilistas globais -promovidos de arriba abaixo- partirá sempre dende a súa diferenciación das concepcións culturais xeralistas ou “mainstream” -traballando de abaixo arriba-. É dicir, as peculiaridades ou singularidades dos modos de vida ou de expresión dunha comunidade concreta e maila súa adecuada conservación e difusión, actúan o mesmo tempo coma defensa ante os alienantes procesos culturais da globalización e como o valor principal do patrimonio en canto ó seu carácter de revulsivo económico se refire. Como sinala Lyndel Prott:

Por encima de todo, o desexo de preservación debe estar encamiñado a facer posible que os depositarios de culturas tradicionais continúen ofrecendo modelos alternativos de comportamento e criterios diferentes de “éxito” ós encarnados nas formas de vida que compiten con ela⁴.

Unha vez sentadas as bases, este traballo centrarase no estudo e consideración do PCI e das súas características e significacións propias, tratando de avaliar cales son as opcións reais do vector patrimonial no contexto socioeconómico actual.

1.- Concepto patrimonial inmaterial

Segundo o estudo de Carrera Díaz⁵, a idea de patrimonio vinculado ós aspectos máis antropolóxicos da cultura aparece en Europa a partires da segunda metade do século XX. Esta concepción, reflectida nos diversos ámbitos da xestión e a teoría patrimonial -primordialmente na UNESCO-, ven dada polo rexurdimento das reivindicacións identitarias e os movementos sociais vinculados a elas. Búscase a fin do

³ Segundo os datos achegados por Sanz Lara., as actividades relacionadas co ocio e o esparexemento representaron o 4'5% do PIB en España en 1997. Sanz Lara, J. A. *Valoración económica del Patrimonio Cultural*, Ediciones Trea, Gijón, 2004: 22.

⁴ Prott, L. “Definición del concepto del “patrimonio intangible””: Retos y perspectivas” en, *Informe Mundial sobre la Cultura 2000-2001. Diversidad cultural, conflicto y pluralismo*, Madrid, 2001: 156-157.

⁵ Carrera Díaz, G. *Patrimonio inmaterial y gestión de la diversidad*, Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, Sevilla, 2005.

elitismo dos séculos XIX e XX, nos que a cultura e a definición patrimonial eran xestionados exclusivamente polas clases altas, reducindo o patrimonio a obxectos cuxa contemplación e estudo era accesible a moi poucos. Neste contexto, no que o Patrimonio Cultural actúa coma unha ferramenta de consolidación identitaria e de recoñecemento da diversidade cultural, cobra protagonismo o PCI.

A partires de entóns, aínda que máis activamente nas últimas décadas, a UNESCO introduce dentro dos seus estudos patrimoniais diferentes apreciacións directamente relacionadas co PCI, dadas as súas especificidades coma un tipo de patrimonio vivo e dinámico.

Destacan, entre outras, a *Recomendación da UNESCO sobre a Salvagarda da Cultura Tradicional e Popular* de 1989, a *Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural* de 2.001 ou a *Declaración de Istambul* de 2.002. Máis especificamente, na *Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial* (París, 17 de Outubro de 2.003), a UNESCO reconece a importancia que reviste o PCI coma “un crisol da diversidade cultural e garante do desenvolvemento sostible” e o define coma “usos, representacións, expresións e técnicas que, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lle son inherentes; as comunidades, os grupos e, nalgúns casos, os individuos, recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural”. Dito patrimonio “transmítese de xeración en xeración e é constantemente recreado polas comunidades e grupos en función do seu entorno, interacción coa natureza e a súa historia, infundíndolles un sentimento de identidade e continuidade e contribuíndo así a promover o respecto da diversidade cultural e da creatividade humana”. Segundo esta Convención podemos dividir o PCI nos seguintes apartados⁶:

- Tradicións e expresións orais.

O ámbito tradicións e expresións orais abrangue unha inmensa variedade de formas faladas como proverbios, adiviñas, contos, cancións infantís, lendas, mitos, cantos e poemas épicos, sortilexios, pregarias, salmodias, cancións ou representacións dramáticas. As tradicións e expresións orais serven para a transmisión de coñecementos, valores culturais e sociais e para o reforzo da memoria colectiva. Son fundamentais para manter vivas as culturas.

- Artes do espectáculo -como música tradicional, danza e teatro-.

As artes do espectáculo van dende a música vocal ou instrumental, a danza ou o teatro ata a pantomima, incluíndo a poesía cantada ou outras formas de expresión. Abranguen numerosas expresións culturais que reflicten a creatividade humana.

⁶ UNESCO. *Ámbitos del patrimonio inmaterial en la Convención del 2.003*, publicación electrónica. <http://www.unesco.org/culture/ich/es/convencion> (visitada el 27 de octubre de 2013, 13:30h).

- Usos sociais, rituais e actos festivos.

Os usos sociais, rituais e actos festivos constitúen costumes que estruturan a vida de comunidades e grupos, sendo compartidos e estimados por moitos dos seus membros. A súa importancia estriba en que reafirman a identidade daqueles que os practican como grupo ou sociedade e están estreitamente vinculados con acontecementos significativos. Eses usos sociais, rituais e festas, contribúen a sinalar os cambios de estación, as épocas de labor agraria e as etapas da vida humana. Están intimamente relacionadas coa visión do mundo, a historia e a memoria das súas comunidades. As súas manifestacións poden ir dende pequenas reunións ata celebracións e conmemoracións sociais de grandes dimensións. Cada un destes subámbitos é vasto pero gardan moitos puntos en común.

- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo.

Os coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo abranguen unha serie de saberes, técnicas, competencias, prácticas e representacións que as comunidades crearon na súa interacción co medio natural. Estes modos de pensar o universo, que se expresan na fala, na tradición oral, no sentimento de apego, na memoria, na espiritualidade e na visión do mundo, inflúen moi considerablemente nos valores e crenzas e constitúen o fundamento de moitos usos sociais e tradicións culturais. O mesmo tempo, eses modos de pensamento son configurados polo entorno natural e o mundo máis amplo da comunidade.

- Técnicas artesanais tradicionais.

A artesanía tradicional é o medio de representación máis tanxible do PCI. Non obstante, a Convención do 2.003 ocúpase sobre todo das técnicas e dos coñecementos utilizados nas actividades artesanais máis que dos produtos de artesanía propiamente ditos. A labor de salvagarda, en vez de centrarse na conservación dos obxectos de artesanía, debe orientarse en alentar ós artesáns a que sigan fabricando os seus produtos e transmitindo os seus coñecementos e técnicas a outras persoas, en particular dentro da súa propia comunidade.

Como vemos, o PCI está, xa dende fai uns anos, recoñecido e totalmente integrado nas consideracións patrimoniais internacionais. É tamén certo que en países como España, e máis concretamente en Galiza, este tipo de patrimonio atópase nun estado lexislativo -e polo tanto de protección e difusión- bastante precario con respecto o patrimonio moble ou inmobile⁷. É aquí importante sinalar que, aínda que esteamos

⁷A Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español recolle, en clara desvantaxe lexislativa cos bens mobles e inmobles, o Patrimonio Etnográfico pero non directamente o Patrimonio Cultural Inmaterial. A Lei 8/1995, de 30 de Outubro, do Patrimonio Cultural de Galiza amosa carencias similares con respecto ó

centrando este traballo en avaliar as oportunidades do patrimonio coma revulsivo económico, tanto os colectivos xestores dun determinado legado cultural coma as institucións pertinentes, representantes dos pobos e as comunidades, deberían ter a obriga de salvagardar de forma eficiente a súa herdanza, máis aló das súas posibilidades para xerar beneficios dentro dun contexto socioeconómico determinado xa que, como indica o Preámbulo da *Carta de Cracovia 2000. Principios para la Conservación y Restauración del Patrimonio Construído*.

*Cada comunidade, tendo en conta a súa memoria colectiva e consciente do seu pasado, é responsable da identificación, así coma da xestión do seu patrimonio. Os elementos individuais de este patrimonio son portadores de moitos valores, os cales poden cambiar no tempo. Esta variabilidade de valores específicos nos elementos define a particularidade de cada patrimonio. A causa deste proceso de cambio, cada comunidade desenvolve unha conciencia e un coñecemento da necesidade de coidar os valores do seu patrimonio*⁸.

Non tratamos aquí de reducir o valor da cultura a un concepto estritamente mercantil ou monetario, senón de todo o contrario, de, partindo da evidente necesidade da preservación e a difusión da historia e a cultura, examinar de qué modo pode ser compatible -ou non- cos preceptos da sociedade capitalista global.

Dito isto, e tras definir brevemente o concepto e as principais manifestacións do PCI, continuaremos co noso estudo.

2.- O PCI coma valor engadido

Unha das principais controversias que se atopan á hora de definir o valor patrimonial coma un recurso de desenrolo económico dentro do contexto neoliberal mercantilista é a súa característica coma “ben de non mercado”⁹. É dicir, o patrimonio, evidentemente, non é unha mercadoría coa que se poida comerciar nun mercado organizado, non se pode exportar nin taxar coma parte do PIB dun país. O seu valor é intanxible e non expresado en forma de prezo ou concepción numérica dentro dun presuposto estándar. Obviamente a súa adecuada activación será fundamental en sectores asociados coma turismo ou comercio pero, en si mesmo, non pode ser considerado coma un ben de consumo. Esta concepción é aínda máis difusa ao falar de PCI posto que no caso de patrimonio moble ou inmobile si que podemos atopar múltiples modelos de explotación directa -por exemplo o cobro dunha entrada para visitar un determinado conxunto histórico, museo ou monumento-. O valor do PCI -

PCI que, sendo superadas co Decreto 232/2008 sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galiza, están aínda lonxe de acadar o estatus necesario para garantir a súa protección.

⁸ UNESCO. *Carta de Cracovia 2000. Principios para la Conservación y Restauración del Patrimonio Construído*. http://www.unesco.org/culture/natlaws/media/pdf/guatemala/guatemala_carta_cracovia_2000_spa_orof.pdf (visitada el 25 de octubre de 2013, 18:00h).

⁹ Sanz Lara, J. A. *Valoración económica del Patrimonio Cultural*, Ediciones Trea, Gijón, 2004: 19.

como dicíamos, patrimonio estreitamente ligado á tradición ou ás costumes- será pois engadido, asociado ó resto de capacidades das que unha comunidade dispoña para a súa estimulación económica e directamente relacionado co sector turístico en combinación cos diferentes tipos de patrimonio que a comunidade posúa. Sobra dicir que, aínda que diferenciamos diversos tipos de patrimonio segundo as súas características, no seo dunha comunidade concreta todas as manifestacións culturais ou histórico artísticas corresponden a un mesmo e determinado modo de pensar o entorno nun determinado momento histórico, polo que a interrelación entre as súas distintas formas de expresións é, na maioría dos casos, clara e necesaria.

É precisamente esta capacidade de interrelación a que, na gran maioría das ocasións, marcará o éxito dun proxecto destinado á estimulación económica a través do PCI. A eficaz catalogación, protección, difusión e posta en valor das tradicións, expresións, usos sociais ou actos festivos, sempre resultará máis efectiva ao encontrarse asociada a outros tipos de patrimonio moble ou inmoble¹⁰. Por outra banda, a correcta adecuación do contexto patrimonial en todos os seus ámbitos fomentará a súa pervivencia xa que o valor dun estará sempre supeditado á existencia dos outros.

Podemos exemplificar casos concretos revisando algúns dos proxectos avalados por LEADER nos últimos anos¹¹:

No ano 2.003 o Concello de A Veiga (Ourense) puxo en marcha un proxecto de *Recuperación de Edificios Etnográficos* no que o PCI aparece como a peza clave para o desenrolo da iniciativa. Foron os propios veciños os que decidiron cáles eran os edificios ou lugares máis significativos para albergar o que eles mesmos definirían como “museos vivos”. Unha vez adecuados os espazos e conseguidas as doazóns mobles necesarias, foron os membros da propia comunidade, en calidade de voluntarios, os que asumiron o rol de “guías turísticos” para dar a coñecer a excursionistas e grupos de alumnos os modos de vida tradicionais da vila. A labor social en canto a restauración de patrimonio moble, inmoble e inmaterial resulta evidente, destacando tamén a implicación directa da poboación local no proxecto¹². A nivel económico, a activación do patrimonio cultural da zona trouxo consigo novos afluentes de visitantes, turistas e grupos de alumnos interesados na arquitectura e no estilo de vida rural á vez cunha dinamización do capital social da zona. Tecéronse redes entre comunidades veciñas

¹⁰ Falamos aquí de Turismo coma o sector económico máis inmediatamente ligado ó patrimonio. Cabe dicir, sen embargo, que o reclamo patrimonial efectivo acaba tecendo redes entre as comunidades que estimulan o crecemento do resto dos sectores. Por poñer un exemplo moi claro, podemos citar o desenvolvemento na industria ou na comunicación das diferentes áreas que abrangue o Camiño de Santiago.

¹¹ Observatorio Europeo de los Territorios Rurales. *Una selección de buenas prácticas LEADER+*, publicación electrónica. http://ec.europa.eu/agriculture/rur/leaderplus/pdf/bestpractice/bp4_es.pdf (visitada el 27 de octubre de 2013, 13:50h).

¹² Os proxectos de desenvolvemento económico asociados ó patrimonio deberán partir sempre das demandas específicas da poboación local. A capacidade de identificación e autoxestión dos membros da comunidade será fundamental para o éxito socioeconómico das iniciativas.

para o fomento do turismo rural que se seguen a ampliar hoxe en día¹³ e creouse unha base de datos de boas prácticas para afrontar futuros proxectos de restauración e activación patrimonial.

Outros proxectos recollidos por LEADER nos que o PCI funcionou coma o valor engadido para a posta en marcha de iniciativas destinadas á activación rural son, por exemplo, *Distrito de Turismo Rural* (Val do Crocchio, Italia)¹⁴, no que desenvolveuse unha rede baseada nas especificidades da paisaxe e os modos de vida que trouxo consigo unha dinamización de infraestruturas para o incremento do turismo rural, ou *Patrimonio para Nenos* en Languedoc-Rosellón (Francia)¹⁵, no cal, aproveitando o patrimonio cultural vinculado ás peculiaridades do territorio, desenvólvense unha serie de materiais e rutas destinadas a fomentar entre os nenos o coñecemento dos saberes propios da rexión.

Segundo estes exemplos podemos concluír que, efectivamente, o PCI pode actuar coma revulsivo socioeconómico a diferentes niveis aínda que, evidentemente, os casos incluídos na publicación LEADER son só aqueles que tiveron éxito e foron levados a cabo mediante a subvención do fondo europeo. Cabe sinalar aquí que esta necesidade dunha subvención inicial para poder pór en marcha as iniciativas contradí dalgunha maneira a intención/requisito de LEADER de que os proxectos se desenvolvan dende o seno da propia comunidade para despois crear unha estrutura ascendente que transcenda os límites do contexto base (de abaixo arriba). É o propio LEADER, nestes casos, o que, coma instrumento supranacional de activación de economías rurais europeas, establecerá as bases que marcarán o éxito ou rexeitamento das ideas propostas, creando unha dependencia excesiva, económica pero tamén ideolóxica e organizativa, de organismos alleos ás comunidades interesadas. En palabras de Bernard Kayser:

*A crise do rural obedece a razóns macroeconómicas globais, e é neste contexto onde se está a proxectar o seu futuro, independentemente de que na planificación e xestión da mesma se actúe dende dentro*¹⁶.

¹³ Segundo os datos aportados por D^a. Gloria Luis Santamarina, Secretaria- Interventora do Concello de A Veiga (Ourense).

¹⁴ Observatorio Europeo de los Territorios Rurales. *Una selección de buenas prácticas LEADER+*. http://ec.europa.eu/agriculture/rur/leaderplus/pdf/bestpractice/bp4_es.pdf (visitada el 24 de octubre de 2013, 20:00h).

¹⁵ Observatorio Europeo de los Territorios Rurales. *Una selección de buenas prácticas LEADER+*. http://ec.europa.eu/agriculture/rur/leaderplus/pdf/bestpractice/bp4_es.pdf. (visitada el 24 de octubre de 2013, 20:00h).

¹⁶ KAYSER B. “La cultura, un incentivo para el desarrollo local”, *Leader Magazine* 8, Comisión Europea, 1994, págs. 3-10.

Así pois, en Europa, a forte dependencia das políticas globais será un dos problemas ou das controversias máis significativas á hora da activación de proxectos de dinamización rural asociados ó PCI, pero atoparemos máis.

3.- A modo de conclusión

Aínda que, como vemos, existen iniciativas dentro do marco da UE para a promoción de plans destinados á estimulación dos ámbitos rurais a través do patrimonio cultural -e máis especificamente a través do patrimonio inmaterial- e inclusive proxectos que foron levados a cabo con éxito e se seguen a manter logo da inxección económica inicial da administración; a realidade é que estes programas amosan, hoxe en día, múltiples carencias de cariz conceptual e organizativo.

Nun primeiro lugar, e volvendo a Kayser, existe, e máis na época de crise actual na que o financiamento privado está fortemente limitado, unha excesiva dependencia das políticas macroeconómicas establecidas por estamentos supranacionais. Isto supón a necesidade de adaptación a un estándar de actuación acoutado que non sempre se adecúa ás necesidades ou capacidades específicas das comunidades, o que pode chegar a corromper ou deixar de lado a aquelas manifestacións culturais que non encaixen no canon proposto pola administración encargada dos procesos selectivos. Diciamos anteriormente que é precisamente a distinción e a especificidade a que, a priori, marcará o éxito dun proxecto patrimonial de activación económica. O feito de tratar de homoxeneizar todo o crisol cultural europeo nun mesmo marco programático trae consigo, de forma clara aínda que non necesariamente intencional, a negación das peculiaridades e o fomento do pensamento único.

Por outra banda, e unha vez asumida a necesidade de adscrición ós procesos anteriores, encontramos que as trabas burocráticas para optar a acadar o presuposto necesario para un proxecto determinado tenden a ser fortes e complexas. Son as administracións públicas máis inmediatamente vinculadas ás comunidades as que actuarán como representantes primeiros das iniciativas patrimoniais¹⁷. Comentabamos con anterioridade que a involucra directa da colectividade local é unha peza indispensable para a posta e marcha, e sobre todo para a perdurabilidade, dos proxectos. Isto non sempre é posible precisamente debido á insuficiencia de persoal cualificado nos Concellos¹⁸. A figura do Xestor Cultural, ou de alguén especificamente formado para atender ou canalizar as demandas da poboación local e polo tanto as capacidades de desenvolvemento económico a nivel de patrimonio, é aínda practicamente inexistente no noso territorio. En infinidade de ocasións fálase do grupo

¹⁷No caso galego poderíamos establecer a seguinte xerarquía: Grupos de Acción Local → Concello → Xunta de Galicia → Ministerio de Cultura → Comisión Europea.

¹⁸Referímonos agora directamente a Galiza e España.

multidisciplinar coma a opción máis efectiva para afrontar iniciativas de índole cultural coma restauracións, planificación urbana, intervencións arqueolóxicas ou, no noso caso, proxectos de activación económica a través do PCI. A realidade é que as carencias da administración pública fan que todas estas funcións se estean a levar a cabo de forma precaria ou cun nivel de profesionalidade limitado ós especialistas que o erario público sexa quen de asumir. En moi poucos casos historiadores, historiadores da arte, antropólogos, etnólogos ou, en xeral, persoal de formación humanista, entran a formar dos equipos encargados da xestión patrimonial.

A falta de persoal, cualificado ou non, é, evidentemente, máis significativa cando máis reducida sexa a poboación da localidade interesada en impulsar o seu patrimonio, de modo que o déficit administrativo, sumado ó vórtice burocrático que remarcabamos antes, supón que moitos proxectos rematen por perderse entre a falta de coordinación entre os diferentes axentes necesarios e a limitación dos equipos encargados de promoverlos.

Outro problema fundamental, directamente derivado da dependencia das diferentes administracións e da falta de persoal especializado, é a mala xestión da temporalidade dos proxectos. En moitas ocasións, unha vez rematado o período de execución e cerrada a partida presupostaría adicada á posta en marcha do plan establecido, o proxecto péchase ou fica esquecido. Esta falta de continuidade nega de raíz o principio de desenvolvemento de abaixo arriba xa que os fondos europeos destinados a creación de infraestrutura conclúen, nalgúns casos, deixando unha herdanza de experiencias mortas ou espazos abandonados. Aínda que nos mecanismos de subvención da UE existe conciencia desta situación e se insiste na creación de bases de datos de boas prácticas e na promoción de programas baseados no intercambio de experiencias, a realidade é que co remate do prazo vinculante moitas accións paran en seco, converténdose máis nun problema que nunha oportunidade para o goberno e a comunidade local. As causas fundamentais deste feito están asociadas, entre outras cousas, ós cambios de goberno e a substitución sistemática do persoal e as empresas asociadas ó concello en curtos períodos de tempo pero tamén, e sobre todo, á xa citada falta de capacidade á hora de involucrar a poboación de maneira efectiva, de modo que a comunidade asuma o proxecto e as súas posibilidades como propias e a xa manida rede de abaixo arriba empece a tecerse desvinculada da subvención ou do grupo que estea a asumir a rexencia do consistorio.

Hai que ter tamén en conta, cinguíndonos agora ó territorio galego e español, a precariedade da lexislación actual e, por ende, das medidas de protección e das posibilidades de posta en valor do PCI. A Lei de Patrimonio Histórico Español de 1985, non recolle entre as súas acepcións patrimoniais ó PCI. En Galiza, a *Lei 8/1995, de 30 de Outubro, do Patrimonio Cultural de Galiza, sitúa ó PCI en clara desvantaxe textual e analítica con respecto a outros tipos de patrimonio e, aínda que amplía e mellora o seu nivel de protección, sobre todo en termos de catalogación, co Decreto 232/2008 Sobre Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galiza, o certo é que, a día de hoxe, non existe ningún tipo de*

inventario de patrimonio inmaterial galego, ningún ben patrimonial inmaterial está inventariado e ningún está declarado BIC.

Esta falta de efectividade das autoridades pertinentes é unha das controversias máis significativas á hora de validar o PCI como ferramenta de desenvolvemento. Mentres non exista unha conciencia clara de catalogación, protección e difusión, calquera proxecto baseado no PCI coma valor principal ou engadido estará, dende o inicio, fortemente limitado en canto a súa pervivencia e consolidación.

Referencias bibliográficas

Abad González, L. *El Patrimonio Cultural como factor de desarrollo*. Universidad de Castilla La-Mancha, Cuenca, 2006.

Brea San José, F. “A Posta en valor do patrimonio inmaterial”, en *V Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional*, Carnota, 2004, págs. 99-114.

Carrera Díaz, G. *Patrimonio inmaterial y gestión de la diversidad*. Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico, Sevilla, 2005.

Godelier, M. *Lo ideal y lo inmaterial: pensamiento, economías, sociedades*. Taurus Madrid, 2001.

Kayser, B. “La cultura, un incentivo para el desarrollo local”, en *Leader Magazine* 8, Comisión Europea, 1994, págs. 3-10.

Mejías López, J. *Estructuras y principios de la gestión del patrimonio municipal*. Ediciones Trea, Gijón, 2008.

Prott, L. “Definición del concepto del “patrimonio intangible”: Retos y perspectivas, en *Informe Mundial sobre la Cultura 2000-2001, Diversidad cultural, conflicto y pluralismo*, Madrid, 2001.

Sanz Lara, J. A. *Valoración económica del Patrimonio Cultural*, Ediciones Trea, Gijón, 2004.

Información web

LEADER + - EUROPA:
http://ec.europa.eu/agriculture/rur/leaderplus/index_es.htm
UNESCO. <http://www.unesco.org>

Xornadas

II Xornada en Xestión e Mediación Cultural. Universidade de Santiago de Compostela. 2013.

Fontes

D^a Gloria Luis Santamarina, Secretaria-Interventora do Concello de A Veiga (Ourense).

Arquivo da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.